

O LUME ARRASA CON TODO

**Os recortes, a precariedade
e as privatizacións do PP
e do PSOE, responsables**





O LUME ARRASA CON TODO

Os recortes, a precariedade e as privatizacións do PP e do PSOE, responsables

“Algo máis do 60% do que ardeu era matogueira, monte baixo; e unha parte importante, que vemos cando circulamos pola estrada, de pedras, que tamén computan como superficie”. Así se despachaba Alfonso Rueda hai días con respecto ao verán de pesadelo no que os incendios forestais non deron tregua. A mesma semana que, ao máis puro estilo dos “hilillos de plastilina” de Rajoy durante a catástrofe do *Prestige* e aproveitando a conxuntura das axudas polos incendios, aprobaba unha nova partida para os cazadores. O desprezo da dereita ás vítimas e afectados non pode ser maior. E os seus intentos de minimizar a gravidade do acontecido non poden ser máis patéticos.

Os incendios forestais arrasaron Galiza literalmente, especialmente Ourense. Segundo o satélite europeo *Copérnicus*, ardearon 143.673 Ha, e non as 96.500 que di a Xunta coas súas ridículas disquisicións sobre o cómputo das pedras. Ese foi o nivel de devastación en gran parte da península Ibérica, deixando ao menos sete mortos.

A destrución causada polo lume no que levamos de ano supón xa a peor cifra da serie histórica no Estado español. Non se trata só da cantidade de focos abertos, senón da intensidade destes *megaincendios* que, tal e como denuncian a comunidade científica e os propios corpos de bombeiros, se caracterizan pola súa capacidade de propagarse rapidamente por mor

do cambio climático e da destrución ecolóxica que provoca a predación capitalista.

Como sempre que nos enfrontamos a un desastre ecolóxico destas dimensións, igual que pasou coa DANA, cansamos de escoitar en boca de tertulianos, xornalistas e representantes de Vox e do PP que os incendios son imprevisibles, que hai unha trama de pirómanos detrás ou incluso, no caso da líder do PP de Valdeorras, acusar directamente ás brigadas forestais de provocalos para “ter traballo”. Un discurso negacionista que pretende desviar a atención do punto principal: que soportamos un modelo forestal e medioambiental capitalista que pon os beneficios empresariais por riba do planeta e das necesi-

dades básicas da inmensa maioría da poboación. Os responsables desta situación son os que recortan, precarizan e privatizan os servizos públicos esenciais e condenan a unhas condicións laborais pésimas ós seus traballadores.

O PP, Vox e os empresarios frotan as mans co negocio do lume

Estes lacaios do gran capital decidiron, máis unha vez, facer gala do seu negacionismo climático e tratar de evadir toda responsabilidade para tratar de impor unha amnesia colectiva ante as políticas criminais que puxeron en práctica cando estaban na Moncloa, no caso do PP, ou actualmente nas CCAA que gobernan xuntos. Para eles, o monte está só para que as empresas e as multinacionais como Altri o exploten e fagan negocio, por non falar dos contratos multimillonarios adxudicados pola Xunta a distintas empresas privadas que teñen nas súas mans algo tan crucial como a loita aérea contra o lume. Polo demais, se o monte arde, que arda, total “son pedras”.

Foi no 2003 coa Lei de Montes cando se privatizou a loita contra os incendios forestais, outorgando ás comunidades autónomas a competencia sobre a xestión forestal e a extinción de incendios. Esa lexislación permitiu que as adminis-

tracións autonómicas externalicen as tarefas de emerxencia a un reducido grupo de empresas privadas.

É dicir, un servizo público crítico e fundamental para protexer o medio ambiente e a poboación, como tamén son a educación, a sanidade ou os coidados dos maiores, converteuse nun negocio millonario controlado por *lobbies*. As empresas que controlan o sector recibiron contratos públicos por valor de 384 millóns de euros nos últimos dous anos só das comunidades autónomas, aos cales se suman outros 270 millóns do Ministerio de Transición Ecolóxica, en mans do goberno central PSOE-Sumar.

Son empresas que coñecemos ben, como Avincis, que controla máis da metade do mercado de servizos aéreos de emerxencias (incendios, salvamento marítimo e emerxencias sanitarias) ou Pegasus Aero Group, principal operador en Andalucía, Castilla-La Mancha, Castilla y León ou Canarias.

Pero o escándalo non remata aquí. Este feixe de empresas é coñecido como “o cartel do lume”. Por que? Porque en febreiro deste ano foron condenadas por confabularse durante 20 anos para amañar os concursos públicos de Catalunya, o País Valencià, Andalucía, Castilla-La Mancha e Galiza, ademais dos do goberno central, repartíndose o mercado a de-

do e subornando funcionarios. Ademais, oito destas empresas foron sancionadas coa prohibición de contratar coas administracións públicas durante nove meses. Desta mafia depende a nosa seguridade e o benestar da nosa contorna!

Contratos temporais, nula formación e convenios obsoletos

Todo este negocio non só concentrou enormes beneficios nunhas poucas mans, senón que xerou unhas condicións laborais críticas para os e as traballadoras. A maioría levan moitos anos en loita e denunciando en redes sociais e entrevistas as condicións en que traballan, e agradecendo aos veciños das localidades próximas aos incendios que arriscasen a súa propia seguridade para lles brindar axuda, comida e auga.

No caso da Comunidade de Madrid, o convenio colectivo de bombeiros forestais actual leva 17 anos caducado, cobran 1.300 euros nunha cidade onde os prezos están disparados e a temporalidade (un 40% do persoal só está contratado catro meses en verán) fai imposible a profesionalización.

A todo isto hai que sumar que estas empresas non dedican nin un só céntimo á formación e preparación de quen terá



que pelexar durante moitas horas seguidas co lume. E estas empresas, non o esquecemos, enchen os petos grazas aos cartos públicos, que saen dos nosos impostos e das privatizacións (das que o PSOE tamén foi un patrocinador entusiasta).

Incluso alí onde parte do sector está en mans públicas, a precariedade, o abandono, a falta de medios e persoal seguen a ser os protagonistas. Os bombeiros forestais da Galiza son ilustrativos ao respecto. Tal e como denunciou recentemente a CIG, falta persoal, especialmente en Ourense, onde se concentrou o 38,54% dos incendios nos últimos dez anos. Os supostos 7.000 efectivos dos que fala o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA) resultaron ser só 3.000 que ademais están divididos entre funcionarios e unha alta porcentaxe de persoal laboral fixo-descontinuo que só traballa uns meses ao ano e non ten a formación axeitada. A realidade é que se superan as xornadas máximas (por riba das 12 horas diarias), faltan avituallamento, sistemas de desinfección dos EPI, material de protección... En plena vaga de incendios, centos de vacantes e substitucións seguían sen cubrir. Nestas condicións tiveron que abordar a maior vaga de incendios desde o 2006; os resultados non poden ser máis elocuentes.

Escudarse nas competencias ou reverter as privatizacións?

Por iso é un insulto á nosa intelixencia recorrer á propaganda barata. Non basta coas palabras de preocupación de Pedro Sánchez ou con que Yolanda Díaz critique os “fallos de coordinación” desde a manifestación en Vigo contra a negligencia da Xunta.

Acaso non están no goberno central? Acaso non teñen toda a capacidade legal para aprobar leis urxentes que anulen as privatizacións e rescaten estes sectores impondo unha xestión pública con medios e condicións dignas? Por suposto que si, mais non teñen ningunha vontade política de enfrontarse aos monopolios empresariais porque iso significaría ir á raíz do

problema: o beneficio capitalista. E eles non están para iso. Obviamente é moito máis sinxelo escudarse nas competencias autonómicas e o mala que é a dereita como, por certo, fan con respecto á vivenda, a educación, a sanidade...

Como é posible que o propio Ministerio de Transición Ecolóxica recoñeza que existe un “oligopolio *de facto*” nos operadores aéreos privados que contrata o propio goberno central e non fagan nada? E o mesmo sucede con respecto ás pésimas condicións laborais e salariais dos corpos de emerxencias.

Desde o Executivo central criticase a mala xestión que o PP fai desde as comunidades autónomas. Ben, pero o goberno ten toda a capacidade legal para aprobar leis urxentes que anulen as privatizacións, e non o fai.

O goberno PSOE-Sumar pode tratar de agochar a cabeza na area mentres vocea que “todo é culpa do PP”. Logo nos dirán que lles temos que votar para que non cheguen os fascistas. Pero a reacción xa chegou, sufrímolos en moitos territorios. E debemos lembrar que as políticas letais contra o público

que con tanto orgullo enarbora a dereita foron iniciadas, estendidas e reforzadas polos gobernos do PSOE durante décadas.

O modo de produción capitalista destrúe todo ao seu paso coa complicidade dos gobernos que sosteñen a chamada economía de mercado. Vivimos baixo un sistema no que vale máis un gran contrato que desvíaa cartos públicos a grandes empresas, que asegurar empregos fixos para os traballadores forestais, e no que se aumenta o diñeiro para a tauromaquia mentres arden os bosques.

Acabar co capitalismo é unha tarefa urxente se queremos evitar a hecatombe ecolóxica, e iso implica unha loita sen cuartel contra os seus servidores políticos.



IZQUIERDAREVOLUCIONARIA.NET



ÚNETE

- Coruña 686 680 720
- Compostela 637 809 184
- Ferrol 626 746 950
- Ourense 604 024 366
- Vigo 678 420 888

ESQUERDA REVOLUCIONARIA



**Sindicato de
Estudiantes**



Contra os recortes, a privatización e a censura do PP

Todo o noso apoio á loita do profesorado galego

Sindicato de Estudiantes

O mes de setembro comeza coa convocatoria por parte da CIG dun calendario de mobilizacións do profesorado para reverter os ataques da Xunta do PP ao ensino público e as lamentables condicións laborais dos e das docentes. Desde o Sindicato de Estudiantes queremos amosar todo o noso apoio a esta loita tan xusta e necesaria que tamén é a nosa. Estamos convosco e animamos a todos os e as estudantes e ás súas familias a participar na manifestación do sábado 13 de setembro en Santiago e apoiar nos centros a folga do 25 de setembro, á cal está chamado o profesorado das etapas todas.

Baixada de ratios, recuperación do horario lectivo previo aos recortes, incremento de persoal especialista para atender a diversidade e de profesorado en xeral para realizar apoios, reforzos e desdobramentos en todas as ensinanzas que o precisen, eliminación do traballo burocrático, recoñecemento e dignificación da profesión docente a todos os niveis, incluíndo o retributivo... Estas son algunhas das principais reivindicacións e non podemos estar máis de acordo con elas. Son tamén as nosas porque son imprescindibles para rematar coa situación calamitosa á que o PP na Xunta está a levar o ensino público.

Masificación, falta de recursos materiais e humanos, docentes esgotados ou de baixa por estrés e ansiedade polo inabarcable do traballo, tendo que atender até 200 alumnos e alumnas! É imposible, así non podemos estudar en condicións dignas, non o aceptamos!

E tampouco aceptamos a privatización que se está a dar, especialmente na FP, coas empresas privadas facendo negocios multimillonarios a costa do noso futuro. Nin tragamos cos intentos de censura nos centros de estudo coas instrucións da vergoña e esa “neutralidade ideolóxica” da que fala o conselleiro Román Rodríguez. O estudantado, como moito do noso profesorado, non somos nin imos ser neutrais ante esta ofensiva da dereita contra o ensino público. Tampouco cos ataques ao galego, nin co machismo, nin cos plans destrutores de multinacionais como Altri, nin, por suposto, co xenocidio do pobo palestino, contra o cal o estudantado iremos á folga estudantil o vindeiro xoves 2 de outubro.

**Por unha folga xeral de toda
a comunidade educativa**

Hai dous cursos, o profesorado galego protagonizou dúas importantes xornadas de folga convocadas por CIG e STEG tra-

lo acordo da vergoña que CCOO, UGT e ANPE asinaron coa Consellería de Educación, perpetuando os ataques do PP ao ensino público. O pasado curso as AMPAS estiveron á cabeza das protestas centro a centro. Os e as estudantes estamos fartos e fartas de que os nosos centros estean que caen, que falten prazas na FP, que non se substitúa o profesorado de baixa, que as nosas aulas estean ateigadas, que se siga dando cartos ó ensino privado concertado mentres o público está cada vez peor. Levamos anos saíndo á folga en defensa do ensino público e contra o machismo dentro e fóra das aulas, e imos seguir facendo todas as folgas e manifestacións que sexan necesarias, saíndo ás rúas cos nosos profesores e profesoras. Por iso, se a Consellería do PP non retrocede, temos que ir a máis e comezar a preparar unha folga xeral da comunidade educativa (docentes, pais e nais, persoal laboral e estudantes) en defensa do ensino público. Temos a forza para facelo e temos a vontade para conseguilo. Adiante coa loita!

**Xa basta de destruír
o ensino público!
Folga xeral de toda a
comunidade educativa!**

O NAZISIONISMO TRATA DE CONSUMIR O HOLOCAUSTO DO POBO

turísticos e de especulación inmobiliaria para reconstruír todo o que están a arrasar. Ou explotando os ricos xacementos de gas descubertos en Gaza e as terras arrebatadas a punta de fusil a miles de familias palestinas en Cisjordania.

Un exemplo singular de dupla linguaxe é o do goberno PSOE-Sumar. Pedro Sánchez preséntase como campión da causa palestina e o recoñecemento da entidade inexistente que é o Estado palestino, distanciándose da linguaxe repugnante dos socialdemócratas alemáns ou os laboristas británicos. Mais as palabras son de balde. Mentres, mantén as relacións comerciais e militares con Israel e, co seu beneplácito, os bancos e empresas españolas están a aumentar os seus investimentos con

empresas sionistas implicadas no xenocidio: desde o Santander e BBVA (entre os dez principais financiadores europeos da industria sionista da guerra) a Caixabank, Ibercaja, CAF, Comsa... Incluso empresas públicas como INECO! Que cinismo máis desprezable!

Os beneficios escandalosos que o xenocidio proporciona aos capitalistas de todo o mundo explican a impunidade de Netanyahu. Isto vale tamén para China, Rusia e o resto dos BRICS. Este bloque concentra o 40% dos recursos fósiles, o 30% do PIB e o 50% do crecemento económico mundial. Pero, pese ás declaracións e discursos de condena, ningún deles rompeu relacións con Israel. Nin boicote nin sancións. Ao contrario, incrementaron substancialmente as relacións económicas co Estado sionista. China xa

é o seu principal fornecedor comercial e un dos principais inversores en infraestruturas civís, seguranza e intelixencia artificial. En 2022 exportou a Israel mercadorías por 13.000 millóns de dólares, 16.000 millóns en 2023 e outros 19.000 en 2024. Este ano prevé superar os 20.000 millóns.

Se China e os seus socios rompesen relacións comerciais e decretasen un embargo, asestarían un golpe decisivo ao réxime nazisionista. Mais antepoñen os beneficios das súas empresas e o obxectivo de manter a estabilidade rexional, chave para os seus plans da Ruta da Seda e a súa expansión en Oriente Medio. A isto fica reducida toda a retórica sobre o “multilateralismo” de Xi Jinping e Putin.

Entre toda esta hipocrisía, destaca o papel miserable dos réximes capitalistas árabes e musulmáns. Desde o exipcio Al-Sisi, que consente o masacre e a fame en Gaza, reprimindo salvaxemente as marchas de solidariedade internacionalista que tentan romper o bloqueio humanitario e reforzando militarmente as fronteiras para impedir a entrada de refuxia-



MAR PALESTINO

dos palestinos, ao rei de Xordania, as monarquías reaccionarias do Golfo, Erdogan en Turquía, etc.

O significado das mobilizacións en Israel

O 17 de agosto, un sector de familiares dos reféns convocou folga xeral en Israel e manifestacións por un alto o fogo e contra a ocupación da Cidade de Gaza. A central sindical Histadrut, un piar máis do réxime sionista, rexeitou convocala. Aínda así, foi a mobilización máis masiva desde o comezo do xenocidio. Máis de 300.000 manifestantes desafiaron as ameazas do goberno e a policía, producíndose enfrontamentos e decenas de detidos e feridos. O 31 de agosto, centos de miles tomaron de novo as rúas noutra folga xeral. Desta volta, a burocracia sionista do Histadrut viuse obrigada a sumarse, aínda que as reivindicacións se limitaban a unha tregua, sen denunciar o xenocidio nin a ocupación da Cidade de Gaza. O goberno e o poder xudicial declararon ilegal a folga, e foi suspendida a media xornada.

O sionismo segue a ter un peso maioritario en Israel. O goberno encabezado polo Likud, aliado cos fascistas supremacistas, conta cunha base de masas e está impoñendo todo tipo de medidas totalitarias. Pero a oposición ao xenocidio medra, e non se reduce á minoría árabe (20% da poboación, sometida a un réxime cada vez máis discriminatorio e represivo). Abrangue sectores da mocidade traballadora e estudantil xudía. Máis de 100.000 mozos e mozas desertaron ou procuraron diferentes formas de eludir o servizo militar, que é obrigatorio.

Xunto ao impacto psicolóxico da mobilización internacional contra o xenocidio, decenas de miles de xudeus novos ven degradarse as súas condicións de vida e son sacados dos seus centros de traballo ou estudos para ir matar un pobo indefenso. Na base do Exército israelí predomina o apoio ao xenocidio, mais estas fendas entre os futuros soldados son reveladoras. Mentres a burguesía sionista se enriquece, Israel é o segundo país da OCDE con

máis pobreza (21,2% fronte ao 17% de media da UE) e un dos máis desiguais: en 2022, o 10% máis rico multiplicaba por 16 os ingresos do 50% máis pobre.

O elevado gasto militar (8,8% do PIB, o maior do mundo tras Ucraína) provoca recortes en educación, sanidade e vivenda. Ademais, o conflito militar con Irán desvelou as mentiras sobre a invulnerabilidade do sistema defensivo e que as políticas nazisionistas significan máis militarismo, sangue e morte. Estamos ao inicio deste movemento de contestación, que ten evidentes contradicións: os seus dirixentes non cuestionan a ocupación colonial, o sistema de *apartheid*, a limpeza étnica de décadas nin o sionismo como tal. Mais a magnitude e os gromos de radicalidade destas mobilizacións amosan contradicións de clase crecentes e que o sionismo non é inexpugnable.

A única alternativa para deter o holocausto do pobo palestino é seguirmos fortalecendo a mobilización internacional de masas, que está a obstaculizar plans que Trump e Netanyahu dan por feitos, impactando a sectores da poboación israelí e erguendo unha oposición masiva global ao sionismo, como vemos no apoio á Global Sumud Flotilla.

A folga xeral estudantil convocada polo Sindicato de Estudantes para o 2 de outubro e as manifestacións organizadas por



BDS e outras plataformas de solidariedade co pobo palestino para a fin de semana do 4 e 5 de outubro amosan o camiño a seguir. Debemos garantir unha participación masiva e interpelar ós sindicatos de clase para que convoquen xa unha folga xeral que paralice todo o Estado, golpeando as empresas que financian o xenocidio e esixindo ao goberno PSOE-Sumar a ruptura total de relacións diplomáticas e comerciais con Israel. Paralo todo para parar o xenocidio! Só a loita masiva nas rúas e a defensa dun programa revolucionario pode frear este masacre.

**Folga xeral xa para obrigar
o Goberno PSOE-Sumar
a romper relacións comerciais
e diplomáticas con Israel!
Desde o río até o mar,
Palestina vencerá!
Pola Federación Socialista
dos pobos de Oriente Medio!**



O NAZISIONISMO TRATA DE CONSUMAR O HOLOCAUSTO DO POBO PALESTINO

**Só a solidariedade
internacionalista pode detelos!
Folga xeral contra o xenocidio xa!**

Esquerda Revolucionaria

Coa mesma lóxica asasina coa que os nazis enviaban os xudeus ás cámaras de gas, o réxime nazisionista de Netanyahu e o goberno ultradereitista de Trump converteron Gaza nun xigantesco campo de exterminio. Agora, como o mesmo Netanyahu proclama, procuran a “solución final”: completar un auténtico holocausto que masacre e expulse masivamente das súas terras o pobo palestino.

A “fame inducida intencionadamente”, definida así polos funcionarios de Nacións Unidas, afecta a un de cada catro gazatís e matou xa a máis de 300 persoas, ameazando de morte 100.000 nenos e nenas, 40.000 deles bebés. A isto súmanse os asasinatos directos polos bombardeos sionistas, que superan os 60.000 —na súa maioría crianzas, mulleres e homes indefensos—, os asasinatos nas colas da fame e o anuncio da ocupación militar da Cidade de Gaza, onde se ategan en condicións infrahumanas máis de

800.000 persoas. Esta ocupación pode significar unha morte segura de decenas de miles máis. Desde o 6 de agosto destruíron mil edificios, deixando centos de corpos atrapados baixo os cascallos.

Este masacre conta coa complicidade criminal dos gobernos europeos. Cantas máis declaracións hipócritas fan laiándose, máis alimentan a maquinaria asasina sionista con novos acordos para a compravenda de armas e investimentos das principais empresas europeas.

O gran negocio do xenocidio palestino

O número de inversores europeos en sectores e proxectos vinculados ao xenocidio xa supera os estadounidenses. Todos eles repártense o botín multimillonario que proporciona a expulsión e exterminio do pobo palestino. Comezando pola industria militar e seguindo polos bancos e fondos de investimento, que se encherán os petos cos plans



→ PÁXINA 6

